



PLAN DE INGUALDADE

CURSO 2020-2021

C.E.I.P. FELICIANO BARRERA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

Bibliotecas
escolares
de Galicia



**UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO**
"O FSE inviste no teu futuro"

ÍNDICE

1.- Introducción.....	2
2.- Contextualización normativa e do centro.....	3
3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.....	5
4.- Obxectivos coeducativos que se abordan no plan.....	7
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entres mulleres e homes.....	7
4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	7
4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo – sexual.....	8
4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.....	8
5.- Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos.....	9
5.1. Organización de centro.....	9
5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	10
5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.....	10
5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.....	11
6.- Seguimento e avaliación.....	12



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



**UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO**
"O FSE inviste no teu futuro"

1.- Introducción.

No CEIP Feliciano Barrera temos moi presente a necesidade de implicar ó noso alumnado e a toda a comunidade educativa no desenvolvemento de valores relacionados coa igualdade de oportunidades e de dereitos entre homes e mulleres. Con esta finalidade nomeamos o curso pasado a un mestre como responsable en materia de igualdade dentro do Consello Escolar. Debido a que dito mestre xa non pertence ó Consello Escolar, nomearemos un novo mestre ou mestra este curso.

Durante o curso pasado realizamos actividades dirixidas ó conxunto do alumnado nas datas coeducativas do calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebración LGBTI); cun nivel de participación entre o profesorado e o alumnado moi satisfactorio.

Tamén se puxeron en coñecemento do profesorado os distintos protocolos e medidas de actuación a ter en conta para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

No relativo ós documentos de centro, a maioría inclúen obxectivos coeducativos específicos, pero necesitamos continuar revisando e ampliando a súa presenza e desenvolvemento. É importante seguir ofrecendo pautas ó profesorado para empregar exclusivamente unha linguaxe inclusiva e para que as súas programacións desenvolvan en maior medida contidos relacionados coa igualdade entre homes e mulleres e coa diversidade afectivo sexual.

En xeral, pese o traballo realizado no centro en materia de igualdade, necesitamos mellorar nalgúns aspectos concretos como a implicación das familias nas actividades de sensibilización, a especificación de contidos curriculares de educación afectivo sexual (aínda que se traballen na práctica) e a difusión dos obxectivos e contidos coeducativos á nosa comunidade.

2.- Contextualización normativa e do centro.

O CEIP Feliciano Barrera atópase na parroquia de San Xulián de Guláns, no concello de Pontearreas. O nivel socioeconómico da poboación é medio baixo e moitas familias non teñen un fácil acceso á vila e os seus servizos.

Este curso están matriculados 107 nenos e nenas. En xeral, tanto o alumnado como as súas familias son pouco conflitivas. Na comunidade educativa a ANPA ten un papel moi relevante, colaborando co centro en todo aquilo que se lle pide.

O **Plan de Convivencia** do CEIP Feliciano Barrera recolle elementos moi relacionados coa igualdade entre homes e mulleres. Concretamente, persegue “unha educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas”. Entre os seus **obxectivos xerais** atopamos os seguintes:

- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente de acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Dentro do apartado correspondente ás estratexias de intervención respecto á prevención e resolución de conflitos, inclúe accións de sensibilización ante o acoso, violencia de xénero e calquera tipo de discriminación.

Para a formación da Comisión de Convivencia, dentro do Consello Escolar, se procurará integrar o principio de igualdade entre sexos en canto á súa composición. Uns dos seus principais obxectivos será impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente ó fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

Por último, dicir que o Plan de Convivencia garante o seguimento do protocolo establecido no Plan de Actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016 – 2020.

Nas **NOF** reflíctense, ademais dos obxectivos da comisión de convivencia xa mencionados, ós dereitos do alumnado. Entre eles: O dereito “á igualdade de oportunidades e a non ser discriminado por razón de raza, sexo ou capacidade económica, crenza relixiosa...” Tamén se especifica o deber de respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos sen distinción de sexo, e a dignidade integral e intimidade dos seus compañeiros e compañeiras e de todos os membros da comunidade educativa.

Respecto ás funcións da comisión de convivencia que teñen que ver coa igualdade entre homes e mulleres, destaca “impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente ó fomento de actitudes para garantir a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

O **Plan de Orientación Educativa** retoma como unha das funcións fundamentais do Consello Escolar a de propor medidas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.

O **Plan de Acción Titorial**, se ben fai fincapé na necesidade de fomentar o desenvolvemento integral da totalidade do alumnado e de previr, detectar ou reconducir calquera actitude discriminatoria; non inclúe a especificidade da igualdade de xénero, polo que será necesaria a súa revisión.

O **Proxecto Educativo** do CEIP Feliciano Barrera expón a necesidade de fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Tamén fai fincapé na importancia do papel da comisión de convivencia para garantir a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, desde a súa propia composición ata o deseño que propoñen de estratexias educativas coeducativas.

3.- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

Na localidade de Guláns, contorno inmediato do centro, observamos que o paro é moito maior entre as mulleres. Son os homes os que realizan fundamentalmente os traballos remunerados mentres que moitas mulleres dedícanse en exclusividade ás tarefas do fogar e ó cultivo dos campos para o autoconsumo. Este feito fai que os modelos de xénero do noso alumnado sexan un pouco limitados e que tendan a reproducilos. Observamos machismo claro en poucas familias e tamén en poucos alumnos e alumnas. Cando falamos directamente do tema todo o alumnado parece estar de acordo cos principios básicos de igualdade de oportunidades. Sen embargo, os micromachismos son continuos tanto en nenos como en nenas. Reproducen estereotipos machistas sen darse conta e atribúen características, intereses e capacidades distintas ás persoas dependendo do seu sexo.

No profesorado se vai observando un crecente interese por aportar unha perspectiva de xénero á súa práctica educativa e por combater a desigualdade de xénero desde a educación. Sen embargo, por poñer un exemplo, de dous mestres pertencentes ó claustro, os dous pertencen ó equipo de TICS, mentres que, de dez mulleres, só unha está en dito equipo. Sen darnos conta, reproducimos un modelo no que as mulleres están representadas en menor medida no mundo da tecnoloxía. O equipo directivo, pola contra, está formado por dúas mulleres e un home.

Temos constancia de algúns casos de violencia de xénero entre ás familias nos que o pai ten orde de afastamento respecto á nai e ás fillas e fillos. Todos os casos teñen expediente aberto nos Servizos Sociais do Concello de Pontearreas e, mediante a traballadora social, compartimos información e colaboramos en todo aquilo que nos demandan.

Respecto á LGBTIfobia non se produciron no centro agresións verbais nin físicas cara nenos ou nenas debido á súa orientación sexual ou identidade de xénero. Si se detectan bromas de mal gusto acerca de gais ou lesbianas, en xeral, e falsas crenzas e estereotipos acerca destes colectivos.

En xeral, podemos dicir que nos atopamos nun bo momento para incluila perspectiva de xénero na nosa organización e na nosa práctica educativa e tamén para afondar en estratexias e medidas que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, debido, en gran parte, a maior sensibilidade que mostra o profesorado e a comunidade educativa en xeral cara o obxectivo da igualdade. Como punto débil para este traballo nos atopamos cun entorno social bastante tradicional e apegado os antigos roles de xénero.

4.- Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entres mulleres e homes.

- Introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero.
- Garantir a integración da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa do centro.
- Fomentar a elección e elaboración de materiais didácticos coeducativos.
- Promover a formación do profesorado no tratamento da diversidade sexual no ámbito educativo.
- Promover a participación de todos os sectores da comunidade educativa no traballo coeducativo.
- Facilitar modelos profesionais que rompan os roles de xénero.
- Dar visibilidade e eliminar estereotipos de xénero que persisten na sociedade respecto á orientación académica e profesional.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Dar visibilidade ós mecanismos que sustentan a violencia de xénero.
- Poñer en marcha programas específicos sobre a prevención da violencia de xénero
- Incluír no plan de convivencia do centro orientacións que permitan a prevención e detección precoz de condutas relacionadas coa violencia de xénero.
- Promover actividades de sensibilización cara á violencia de xénero.
- Detectar e responder de forma eficaz á violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo – sexual.

- Educar desde á diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas.
- Colaborar con axentes socio educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo sexual.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- Favorecer ás relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.
- Detectar e responder con efectividade posibles casos de LGBTIfobia.
- Educar para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.
- Elaborar protocolos efectivos de actuación ante casos de LGBTIfobia.

5.- Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1. Organización de centro.

- Revisión do documentos de centro (Proxecto Educativo, Plan de Acción Titorial, Plan de Orientación Educativa...) para garantir o uso dunha linguaxe inclusiva e que todos eles especifiquen obxectivos e medidas de afondamento en materia de igualdade. Nas programacións didácticas incluírase desenvolvemento curricular específico relativo á educación afectivo sexual.
- Renovación da persoa responsable de igualdade no seo do Consello Escolar. O mestre que tiña o cargo o curso pasado non pertence agora ó Consello Escolar.
- Difusión do plan de igualdade na web do centro.
- Implementación dunha linguaxe inclusiva nas comunicacións cotiás do profesorado e alumnado.
- Colaboracións con axentes externos ó centro que nos podan asesorar en materia de igualdade: asociacións, entidades municipais...
- Conmemoración das principais datas coeducativas (25 de novembro, 8 de marzo, celebración LGBTI). Todas estas datas aparecen especificadas nas programacións docentes de tódolos cursos do centro para realizar actividades conmemorativas. Nestes momentos estamos pendentes de concretar que actividades levaremos a cabo. Tentaremos implicar tamén ás familias nestas actividades. Todas as actividades propostas terán en conta a situación sanitaria provocada pola COVID – 19.
- Oferta e difusión de formación para o profesorado en materia de igualdade.
- Adquisición de libros acerca da igualdade para o alumnado e profesorado a través da biblioteca do centro.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisión das programacións didácticas para garantir que as mulleres estean debidamente representadas en tódolos ámbitos do saber. Tamén deben concretar orientacións académicas e profesionais libres de estereotipos.
- Revisión dos materiais didácticos. Comprobaremos se representan ós homes e mulleres dunha forma equitativa e libre de estereotipos, facendo especial fincapé na revisión de imaxes, debido ó impacto que teñen na representación que o alumnado fai da sociedade que o rodea.
- Oferta de pautas para que o profesorado poña en marcha actividades de sensibilización para a eliminación dos estereotipos de xénero na aula e coas familias do alumnado, sempre que a situación epidemiolóxica o permita.
- Oferta de recursos materiais e económicos para que o profesorado elabore o seu propio material coeducativo.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Revisión do uso e ocupación do patio. Implementación dos “dous días sen fútbol” para evitar que as nenas se vexan relegadas os recantos do patio mentres os nenos ocupan todo o espazo xogando ó fútbol.
- Modernización dos patios e zonas de descanso. Coa axuda das familias, se a situación sanitaria o permite, se pintarán no chan distintos xogos coeducativos nos que nenas e nenos sexan protagonistas en igual medida.
- Fomento do uso, por parte das nenas, de ordenadores, tablets e outras novas tecnoloxías.
- Revisión dos recursos audiovisuais do centro. Avaliaremos se as imaxes e os contidos que mostran fomentan a igualdade ou se, pola contra, debemos renovalos.

- Apoio ós nenos e nenas para que escollan as súas actividades deportivas, os seus xogos ou a maneira de pasar o seu tempo de lecer dunha forma libre e sen sufrir a presión do grupo por estereotipos de xénero. Neste aspecto o profesorado debe ofrecer un tempo e un espazo de comunicación para que os nenos e nenas expresen os seus sentimentos.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Implementación nas aulas de metodoloxías activas, participativas e cooperativas que favorezan a comunicación e o ensino coeducativo.
- Revisión do plan de convivencia: debe reflexar especificamente as condutas contrarias ó respecto pola diversidade sexual e de xénero. Tamén ten que reflexar un nivel de tolerancia cero coas condutas machistas e medidas para a súa corrección.
- Sensibilización acerca do papel das persoas individualmente na marcha da sociedade en xeral, promovendo actitudes de coidado e responsabilidade.

6.- Seguimento e avaliación.

O final deste curso 2020 – 2021 recolleremos nunha memoria o grao de consecución dos obxectivos propostos e tamén en que medida as actuacións recollidas se levaron a cabo e con que nivel de idoneidade.

Para facilitar a avaliación do propio Plan de Igualdade e do noso propio desempeño no seu desenvolvemento, poderemos empregar os seguintes indicadores.

Indicador:	Si	Non	En proceso
Todos os documentos de centro empregan exclusivamente unha linguaxe inclusiva.			
Todos os documentos de centro especifican obxectivos e medidas de afondamento en materia de igualdade.			
Todas as programacións didácticas inclúen desenvolvemento curricular específico relativo á educación afectivo sexual.			
Nomeamos a unha persoa responsable de igualdade no Consello Escolar e é activa no seu cargo.			
O Plan de Igualdade está na web do centro.			
O profesorado emprega unha linguaxe inclusiva nas súas comunicacións cotiás.			
O alumnado emprega unha linguaxe inclusiva nas súas comunicacións cotiás.			
Axentes externos ó centro nos asesoraron en materia de igualdade durante este curso.			
Conmemoramos as datas coeducativas do calendario oficial cunha participación satisfactoria do alumnado.			
Conmemoramos as datas coeducativas do calendario oficial cunha participación satisfactoria do profesorado.			
Conmemoramos as datas coeducativas do calendario oficial cunha participación satisfactoria das familias.			
O profesorado recibiu información acerca de formación en materia de igualdade.			
A biblioteca escolar adquiriu durante este curso libros acerca de igualdade para profesorado e alumnado.			

Todas as programacións didácticas inclúen mulleres representadas en todos os ámbitos do saber.			
Todos os materiais didácticos representan ós homes e as mulleres de xeito equitativo e libre de estereotipos.			
O profesorado deseñou actividades de sensibilización para a eliminación dos estereotipos de xénero na aula.			
O profesorado deseñou actividades de sensibilización para a eliminación dos estereotipos de xénero coas familias.			
O profesorado adquiriu ou elaborou materiais coeducativos durante este curso.			
Nenos e nenas comparten de xeito equitativo o espazo de lecer.			
As nenas empregan os recursos tecnolóxicos na mesma medida e co mesmo interese que os nenos.			
Todos os recursos audiovisuais foron revisados para asegurar que fomenten a igualdade e que estean libres de estereotipos.			
Todas as aulas empregan metodoloxías activas, participativas e cooperativas.			
O plan de convivencia reflexa especificamente as condutas contrarias ó respecto pola diversidade sexual e de xénero.			
O plan de convivencia especifica medidas correctoras para as condutas machistas.			



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



**UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO**
"O FSE inviste no teu futuro"